

COMO SOAN OS INSTRUMENTOS?

O son prodúcese pola **VIBRACIÓN** dun material.

Entón, se queremos facer que un instrumento soe, **debemos facer que vibre algo...** Por exemplo:

- Os INSTRUMENTOS DE PERCUSIÓN, como un triángulo, un tambor ou un xilófono, temos que **GOLPEALOS...** iso fixemos cos nosos “**vasos musicais**”, **facendo vibrar o cristal.**

- Os INSTRUMENTOS DE VENTO, como a frauta, o saxofón ou a trompeta, temos que **SOPRALOS...** iso fixemos coa nosa “**gaita de palliña**”, **facendo vibrar o aire** gracias á **lingüeta.**

- Os INSTRUMENTOS DE CORDA, como a guitarra, o contrabaixo, o violín ou a harpa, temos que **TOCAR AS CORDAS...** iso fixemos coa nosa “**caixa con gomas**”, **facendo vibrar as cordas.**

Pero **para que os instrumentos soen con máis forza (VOLUME ou INTENSIDADE) necesitan unha CAIXA DE RESONANCIA para amplificar o son...** Por exemplo, as placas do xilófono non soan case nada se non están apoiadas na caixa do xilófono:

(caixa de resonancia)



(placas de xilófono)

Lembra o que experimentaches facendo os teus instrumentos e responde a estas preguntas:

INSTRUMENTOS DE PERCUSIÓN:



Elixe a resposta correcta:


Como é o son cando poñemos máis auga no vaso? máis AGUDO – máis GRAVE

Canta auga hai que botar para facer unha nota “aguda”? moita auga – pouca auga

Que parte do vaso é a que produce a nota musical? a parte de AUGA – a parte VACÍA

Que parte do vaso é a que amplifica o volume do son? a parte de AUGA – a parte VACÍA

INSTRUMENTOS DE VENTO:



LINGÜETA DOBRE (palliña)	PALLETA de gaita
Esta parte da nosa palliña chámase a “lingüeta dobre” e encárgase de facer vibrar o aire que sopramos.	Nunha gaita de verdade esta peza vai ao comezo do “punteiro” (tubo con buratos) e chámase a “palleta”.

- Que pasa ao aire se sopramos por unha palliña normal que non ten a lingüeta dobre feita?

- Que lle pasa a unha gaita se lle quitamos a palleta?


A LONXITUDE E O GROSOR DAS PALLIÑAS:



- Que palliña cres que soa máis “aguda”, a máis longa ou a máis curta?

- E se sopramos nunha palliña que é máis grosa, soará máis grave ou máis agudo?

- Entón, canto máis longo e grosa sexa o tubo polo que vibra o aire nun instrumento de vento, como é o son que se produce?



- E na nosa “gaita palliña”, para conseguir facer notas distintas, que facemos para que o tubo sexa máis longo ou máis curto?

OUTROS TIPOS DE EMOCADURA PARA SOPRAR:



Escribe arriba o nome dalgún instrumento que coñezas para cada tipo de embocadura				


A CAIXA DE RESONANCIA NOS INSTRUMENTOS DE VENTO:

<p>LINGÜETA SIMPLE</p> <p>TUBO E CHAVES (TECLAS)</p> <p>CAMPÁ</p>	<p>Este instrumento soa máis forte ou máis suave que unha palliña?</p> <p>Por que?</p> <p>Que parte deste instrumento é a caixa de resonancia?</p> <p>Sabes como se chama este instrumento?</p> <p>A que familia de instrumentos pertence?</p>
---	--

INSTRUMENTOS DE CORDA

A **altura** das notas musicais, nos instrumentos de corda, **depende da lonxitude da corda**, pero tamén da **tensión** (se están máis ou menos apretadas).

Este é o instrumento que preparei eu na casa: **as cordas vibran dende a peza negra ata o corcho...**




Imaxina que as tres cordas están igual de apretadas, e fíxate na **lonxitude de cada corda**:

- Cal é a corda que dá unha nota máis **aguda**?

- Que pasa se **apretamos** máis unha corda?

- Entón, que parte do instrumento é a que **produce** o son?

- Que parte do instrumento é a que **amplifica o volume** do son?



- Como é a **lonxitude** das cordas dunha guitarra?

- E como é o **grosor** das cordas?

- Quen soará **máis grave**, a corda máis grosa ou a corda máis fina?

COMPLETA ESTA FRASE: **Se poñemos un dedo no mástil da guitarra, pulsando unha corda sobre un traste, conseguimos que a lonxitude da corda que vibra sexa máis, polo que soará unha nota máis “aguda”.**